

Pensión Casa Felisa

San Fiz, 3 bis - Marcelle

27416 Monforte de Lemos (Lugo).

Teléfono y Fax: 982 032 036/698 140 421

E-mail: reservas@casafelisamarcelle.es

Web: www.casafelisamarcelle.es

INFORMACIÓN XERAL

Casa Felisa consta de 8 cuartos completos, un deles adaptado e un apartamento completo.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- A casa está nun entorno natural, nunha ladeira cunha pendente do 6,9%.

Acceso

- A entrada principal é accesible. O pavimento é regular e antiescorregadizo.
- A porta abre cara a fóra, é de dobre folla e ten un ancho libre de paso de **1,06 m** en cada folla.
- Antes da porta existe un felpudo non ancorado correctamente ao chan.

Vestíbulo e recepción

- A recepción encóntrase no vestíbulo da casa.
- Na oficina hai unha mesa para a atención ao cliente, cunha altura de **75 cm** e non permite a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas.

Cuarto Adaptado (Nº 1)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de **85 cm** e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360°** coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de **80 cm**.
- A cama ten unha altura de **50 cm** e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de **80 cm** de ancho e polo lado esquerdo por un de **1,25 m**.
- As portas do armario son corredías de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre **20 e 70 cm**. O percheiro está fixo a unha altura de **1,80 m**.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama e o aparato de control de temperatura está a unha altura de **60 cm**.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **85 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,60 m** pola fronte e de **1,20 m** polo lado dereito. O asento está a unha altura de **45 cm** e o mecanismo de descarga a **1,10 m**.
- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado, situadas a **70 e 85 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **79 cm**.

Lavabo

- O lavabo está situado a unha altura de **80 cm** e dispón de semipedestal. Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **76 cm** de altura e **20 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **90 cm** e o resto dos accesorios do baño están a **90 cm e 1,16 m** de altura.

Ducha

- A ducha está detrás da porta e ten un espazo libre de aproximación lateral maior de **1,20 m** de ancho. Ten unhas dimensións de **90 cm** de ancho por **90 cm** de fondo.
- O chan da ducha está igualado co resto do pavimento do baño. Dispón de cortina.
- Dispoñen dunha cadeira de ducha homologada, con respaldo e regulable en altura.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal fixa, debaixo das billas situadas a unha altura de entre **70-75 cm**.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de **1,10 m**.

Aseo adaptado en zoa común

- O establecemento conta cunha cabina de aseo adaptada, independente e común para ambos os dous sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de 85 cm. Non está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,07 m** pola fronte, **1,20 m** de ancho polo lado dereito e de **95 cm** de ancho polo lado esquerdo.
- O asento está situado a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga a **1,10 m**.
- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado, situadas a **70 -85 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **77 cm**.

Lavabo

- O lavabo dispón de patas, polo que debaixo non hai un espazo libre que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,20 m** e o resto dos accesorios do aseo están colocados a **1 e 1,20 m** de altura.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A porta xeralmente permanece aberta e é de madeira.
- Hai un felpudo non ancorado no chan correctamente.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A porta de recepción é acristalada parcialmente e non está sinalizada con franxas horizontais ou un logotipo de cor contrastada. A parede tamén é de vidro e carece de sinalización.

Cuarto estándar (Nº2)

- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.

- Existe contraste cromático entre a porta de entrada e a parede.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A ducha ten un chanzo e un biombo corredizo.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Aseos Comúns

- As portas do aseo non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

Sinalización

- A casa dispón de rótulos que sinalan a situación dos distintos cuartos e estanzas. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de **1,67 m**.
- A altura dos caracteres é de **3 cm** e son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.
- Está permitido o acceso ao can de asistencia.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible, cunha pendente do 6,9%	Encóntrase na parte dianteira do edificio e as prazas non están delimitadas nin reservadas a persoas con mobilidade reducida.
Salón de reunións	Planta baixa	Accesible	Accédese polo exterior da casa. A porta de entrada é de apertura manual, parcialmente e cun ancho libre de paso de 86 cm. Non está sinalizada con franxas horizontais ou un logotipo en cor contrastada. As mesas se moven e sitúan de diferente xeito dependendo do evento ou reunión.
Escaleira	Todas as plantas	Sen itinerario alternativo accesible	Hai dous tramos de escaleira por planta, con relanzos intermedios de 1,20 m de fondo. Tipo de escaleira: interior Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 17 cm Fondo da pegada: 32 cm Con tabica: Si Con bocel: Si (1 cm) Zócolo de protección lateral: Non Altura de Pasamáns: 1 m , só nun lado. Oco baixo a escaleira protexido: Si
Restaurante, Cafetería / Buffet almorzos	Planta baixa	Accesible	Ofrecen menús para celíacos, diabéticos e vexetarianos, con previo aviso. A porta é de dobre folla, parcialmente acristalada e ten un ancho libre de paso de 76 cm , en cada folla. Altura da barra: 1,10 m Mesas redondas con pata central. Son transparentes,

			<p>como as cadeiras.</p> <p>Altura de mesa: 73 cm, Altura baixo mesa: 72 cm</p> <p>Ancho baixo mesa: 1,04 m.</p> <p>Altura barra de buffet: 75 cm</p> <p>Non dispoñen de carta en braille.</p>
Piscina e xardín	Exterior		<p>A piscina non dispón de grúa de acceso ao vaso.</p> <p>O terreo é de céspede e hai zonas con lixeira inclinación.</p>